

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 23 de xullo de 2018

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF-, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 27 de xullo de 2018.

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta anterior correspondente á ordinaria do día 29 de xuño de 2018.
- 2.- Recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 1/2018.
- 3.- Expediente de modificación de créditos n.º 3/2018 dos orzamentos do INORDE.
- 4.- Expediente de modificación n.º 3/2018 das bases de execución e do orzamento da Deputación Provincial.
- 5.- Aprobación, se procede, da conta xeral da Deputación Provincial, do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico, do Consorcio Provincial do Servizo contra Incendios e Salvamento e do Consorcio de Augas de Valdeorras correspondente ao exercicio 2017.
- 6.- Adhesión da Deputación Provincial á Asociación Ruta do Viño de Valdeorras.
- 7.- Moción de Democracia Ourense para a construción dun parque acuático na cidade de Ourense.
- 8.- Moción do Grupo Socialista sobre a construción dun aparcadoiro público e libre na contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
- 9.- Moción do Grupo Popular para a regularización da profesión de Educación Social.
- 10.- Moción do Grupo Socialista para que o SERGAS preste un servizo adecuado para a protección da saúde da infancia.
- 11.- Moción do BNG a respecto da contaminación do Encoro das Conchas.
- 12.- Moción do BNG a respecto do topónimo OURENSE.
- 13.- Mocions de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

- 14.- Dación de conta do Decreto do 1 de xullo de 2018 no que se corríxen erros materiais da liquidación do orzamento xeral de 2017 da Deputación Provincial aprobada con data 1 de marzo de 2018 e se integran as liquidacións do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento e do Consorcio de Augas de Valdeorras.
- 15.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
 - Presidencia: mes de xuño de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de abril e 1º de maio de 2018.
 - Deputado delegado de Facenda: mes de xuño de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de marzo, 2º de abril e 1º de maio de 2018.
 - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xuño de 2018.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xuño de 2018.
- 16.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,